

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Outubro 2009

NOTA DE PRENSA

En outubro de 2009 os prezos dos bens exportados e importados en Galicia diminuíron en termos interanuais un 3,1% e un 11,7% respectivamente

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia diminuíron un 3,1% en outubro de 2009 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos experimentaron unha diminución interanual do 11,7%.

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados diminuíron un 3,2% e os dos importados un 11,2%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de equipo foi do 6,9%. Pola contra, os prezos dos bens intermedios e dos bens de consumo diminuíron un 3,7% e un 3,5% respectivamente.

Nas importacións, os prezos dos bens de equipo diminuíron un 20,6%, os dos bens intermedios un 12,4% e os dos bens de consumo un 9,8%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Outubro 2009

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
ÍNDICE XERAL	-3,1	-3,2	ÍNDICE XERAL	-11,7	-11,2
Bens de consumo	-3,5	-3,8	Bens de consumo	-9,8	-3,4
Bens de equipo	6,9	10,6	Bens de equipo	-20,6	2,1
Bens intermedios	-3,7	-5,5	Bens intermedios	-12,4	-14,9

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse unha diminución interanual do 1,8% para os bens con destino a países non pertencentes á OCDE. Os prezos dos bens con destino a países pertencentes a OCDE diminuíron un 3,3%, os da UEM un 4,1% e os da UE-25 un 5%.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE diminuíron un 12,8% e os procedentes do resto de países un 9,3%.

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Outubro 2009

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	-4,1	-5,1	UEM	-11,9	-12,4
UE-25	-5,0	-5,3	UE-25	-10,5	-12,2
OCDE	-3,3	-4,0	OCDE	-12,8	-11,8
Resto de países	-1,8	2,6	Resto de países	-9,3	-9,6

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>